- ¿ Normas de seguridade utilizadas na montaxe de máquinas rotativas.

- ¿ Técnicas de mantemento de máquinas eléctricas rotativas.
- ¿ Equipamentos e ferramentas.
- ¿ Diagnóstico e reparación de máquinas eléctricas rotativas: técnicas de localización de avarías e ferramentas empregadas.
- ¿ Elaboración de informes realizados en mantemento de máquinas eléctricas rotativas.
- ¿ Normas de seguridade utilizadas na construción e no mantemento de máquinas eléctricas rotativas.
- ¿ Manobras das máquinas eléctricas rotativas
- ¿ Regulación e control de xeradores de corrente continua rotativos.
- ¿ Arranque e control de motores de corrente continua.
- ¿ Arranque e control de motores de corrente alterna.
- ¿ Acoplamento de motores e alternadores.
- ¿ Normas de seguridade utilizadas en instalacións de máquinas eléctricas rotativas.
- ¿ Prevención de riscos laborais e protección ambiental
- ¿ Identificación de riscos.
- ¿ Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
- ¿ Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.
- ¿ Equipamentos de protección individual.
- ¿ Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.
- ¿ Os criterios de cualificación:

Efectuarase unha avaliación sumativa por cada trimestre de curso, é dicir, realizaranse tres avaliacións ao longo do curso académico. Tomaranse como instrumentos de avaliación as probas teóricas, as probas prácticas, os traballos individuais, as prácticas de taller e a observación en clase. A valoración destes elementos proporcionará unha cualificación ou avaliación sumativa da aprendizaxe do alumno por cada trimestre. Da media destas cualificacións trimestrais resultará unha avaliación final de curso.

Os instrumentos que se aplicarán nas distintas fases de avaliación son os seguintes:

- ¿ Na avaliación inicial: informes finais de avaliacións de cursos anteriores, debates, formulación de preguntas orais, e cuestionarios escritos, de resposta inmediata e de tipo test.
- ¿ Na avaliación continua, a observación sistemática do traballo en clase, entregas de traballos, revisión e corrección de tarefas, prácticas sobre panel de probas, prácticas de programación de autómatas, utilizando como guiión unha ficha entregada polo profesor, que deberán cumprir cos datos obtidos na realización; estas prácticas realizaranse por grupos, aínda que a ficha deberá ser entregada de forma individual por cada alumno.
- ¿ Na avaliación final, realizarase unha proba que constará de dúas partes: A primeira será escrita e nela formularanse cuestións relativas á identificación e funcionamento dos equipos e sistemas automáticos, ao diagnóstico de avarías, así como preguntas tipo test. A segunda será de carácter práctico e consistirá na realización ou montaxe de varias prácticas similares ás xa realizadas en clase (identificación de compoñentes, comprobación de elementos, uso de equipos e aparatos de medida, montaxe dun cadro xeral de protección, arranque manual dun motor trifásico, arranque estrela-triángulo dun motor trifásico, posta en servizo dun autómata, etc.).

O modo de cualificación de cada un dos instrumentos de avaliación mencionados, así como o seu peso na cualificación trimestral, é o seguinte:

- ¿ Proba escrita (30%)
- ¿ Proba práctica (30%)
- ¿ Traballos individuais (15%)
- ¿ Prácticas de taller (15%).
- ¿ Traballos na aula (10%)

O alumno superará o módulo cando acade o 50 % dos obxectivos de cada apartado que se ponderará do seguinte xeito:

A cualificación trimestral será a media aritmética dos apartados anteriores, coa súa respectiva ponderación. A avaliación será positiva se resulta superior ou igual a 5. A cualificación final do módulo será a media aritmética das dúas cualificacións trimestrais.

Un absentismo superior ao 10% das horas do módulo sen xustificar suporá a perda do dereito a avaliación continua.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación consisten en actividades complementarias que se propoñen aos alumnos que non superan os mínimos esixibles en cada unha das sesións de avaliación programadas. As actividades de recuperación que se van propoñer serán do seguinte tipo:

¿ Traballos escritos relacionados cos resultados non alcanzados de identificación, interpretación, etc.: ensaio de máquinas eléctricas aplicados a casos concretos, valoración de vantaxes e inconvenientes, interpretación de catálogos e manuais técnicos.

¿ Repetición dos informes ou memorias que non superen a avaliación positiva.

As montaxes e as actividades prácticas que non superen os mínimos terán que finalizarse para alcanzar o aprobado.

Ademais o alumno terá que facer unha proba escrita e outra práctica de recuperación individual baseada nos traballos propostos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos que acumulen un número de faltas de asistencia igual ou superior a 13 horas (10% do total), sen xustificar, perderán o dereito á avaliación continua polo que na programación hai que prever o sistema de avaliación que se aplicará nestes casos. Os criterios de avaliación e mínimos esixibles serán os especificados nesta programación.

O procedemento de avaliación é unha proba final que consta de 2 partes, unha escrita e outra práctica no taller, a duración da cal será de 4 horas (2 +2). Tanto a proba escrita como a práctica serán da mesma dificultade e características que as que se realizaron ao longo do curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase semanalmente mediante unha ficha na que se anotarán para cada unidade didáctica os contidos impartidos e as actividades realizadas, e para cada unha das actividades os recursos empregados e o tempo invertido.

A avaliación da actuación do profesor implica un proceso de reflexión para valorar, en función dos logros alcanzados, a idoneidade da programación e do sistema de ensino, co fin de introducir melloras no proceso.

Cunha periodicidade mensual realizaremos un seguimento da programación onde se analizarán os resultados obtidos, a selección dos contidos, a secuenciación, a temporalización, a adecuación entre os criterios de avaliación e os instrumentos utilizados, as medidas de atención aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo e o clima da clase.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Utilízase para valorar habilidades, destrezas, actitudes, coñecementos e dificultades que teñen os alumnos ao comezar o curso. Coñecida a situación de partida dos alumnos o proceso de avaliación valorará principalmente o progreso do alumno.

Como instrumento de avaliación, empregarase a observación directa, durante a primeira semana do curso, con debates e formulación de preguntas. Mediante a observación sistemática da actividade e comportamento do alumno recolleranse o maior número posible de datos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Aos alumnos cuio progreso académico non sexa o esperado, tan pronto como se detecte o retraso, propoñeseráse actividades que podan realizar de forma autónoma e contarán coa dispoñibilidade do profesorado para resolver dúbidas e responder a cuestións.

Estas actividades basearanse no estudo do libro de texto, na consulta de catálogos e no emprego de Internet

Conforme á lexislación vixente dende o Departamento de Orientación enviouse un dossier para a atención á ACNEAE, protocolos de atención específicos...

Dado o tamaño do arquivo, non se inclúe neste apartado pero a xefatura de Departamento Didáctico de Electricidade ten copia, e na reunión cos demais membros darase información e difusión do mesmo .

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Prestaremos atención á adopción de actitudes respectuosas, tolerantes e seguras, e aos criterios de aforro. Así incorporaremos os temas transversais aos contidos actitudinais tendo en conta:

¿ Educación ambiental: cando se realicen os diversos montaxes e instalacións reutilizaranse compoñentes e aproveitaranse restos de cabreado e materiais de refugallo; ao elixir as ferramentas, os equipos e os compoñentes perseguirase que o impacto medioambiental que producen sexa mínimo.

¿ Educación para a saúde: todas as actividades prácticas están expostas a riscos polo que vixiarase o emprego seguro de ferramentas e equipos, proporcionando aos alumnos as normas de seguridade a seguir no taller e de emprego dos recursos.

¿ Educación para a convivencia: os alumnos realizarán actividades prácticas traballando en equipo nas que se valorarán as actitudes cara ao traballo ben feito, a solidariedade e a cooperación cos membros do grupo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

-Visitas a distintas empresas.-visitas a parques eólicos-Visita o centro de enexias renovables de Sotavento.-Visitas a centrais eléctricas.-Visitas a centros de transformación.

10.Outros apartados

10.1) Información ó alumnado.

O membros do Departamento de Electricidade informarán ao alumnado nas primeiras clases do curso de todo o relacionado ca programación , principalmente naqueles apartados que mais incidencia teñan, o mesmo tempo informaráselles dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada módulo correspondente.

O mesmo tempo os contidos mínimos estarán na páxina web do Centro, e a programación completa estará a disposición dos alumnos na Xefatura de estudos , e tamén no Departamento de Electricidade.

10.2) Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: telemática e mixta

a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)

Empregarase a aplicación Google Classroom así como a Aula Virtual nos demais niveis permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.

A docencia realizarase a través da aplicación Google Classroom así como a Aula Virtual. A docencia realizarase a través da Aula Virtual e Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado.

Empregaranse tamén as anteriores aplicacións que permiten a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

d) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e Classroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades, Classroom ou Aula Virtual dependendo do alumnado en corentena..

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0242	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA TERESA MARTÍNEZ PALMERO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

O Decreto 28/2010, de 25 de febreiro, que establece o currículo do ciclo formativo de grado medio do título de Técnico en Instalacións Eléctricas e Automáticas; indica no seu artigo 4 a competencia xeral deste perfil profesional: " montar e manter infraestruturas de telecomunicación en edificios, instalacións eléctricas de baixa tensión, máquinas

eléctricas e sistemas automatizados, conforme a normativa, a regulamentación e os protocolos de calidade, seguridade e riscos laborais, asegurando a súa funcionalidade e o respecto polo medio ambiente".

A continuación no artigo 5 relaciona as competencias profesionais, persoais e sociais asociadas ao título. De todas elas podemos nomear como especialmente relacionadas co módulo obxecto desta programación as seguintes:

- .k) Elaborar a documentación técnica e administrativa consonte a regulamentación, a normativa e os requisitos da clientela.
- l) Aplicar os protocolos e as normas de seguridade, de calidade e respecto polo medio nas intervencións realizadas, nos procesos de montaxe e mantemento das instalacións.
- m) Integrarse na organización da empresa colaborando na consecución dos obxectivos e participando no grupo de traballo con actitude respectuosa e tolerante.
- n) Cumprir cos obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- o) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- p) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- q) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- r) Xestionar a súa carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- s) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando un estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.
- t) Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e responsable.

Todos son obxectivos que se tratan de xeito transversal en tódolos ciclos formativos, a través dos módulos de FOL e Empresa e Iniciativa Emprendedora. O alumnado debe ter iniciativa para marcar os seus obxectivos profesionais, formarse con espírito crítico e exercer os seus dereitos e obrigas cidadás de xeito responsable e activo. Pero ademais precisamos na sociedade de persoas que detecten novas oportunidades de negocio e que queiran asumir o reto de crear unha empresa. O módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora vai dirixido fundamentalmente a fomentar o espírito emprendedor do alumnado. Pero é preciso que ese espírito emprendedor non sexa simplemente fomentar o entusiasmo por montar un negocio sen máis. É preciso facer un plan e reflexionar sobre as opcións que se presentan e os riscos e obstáculos que podemos atopar. Poñer en marcha un negocio é unha actividade de risco, polo que canto mais preparación teñamos mellor poderemos afrontalos e minimizalos. Nos ciclos medios o alumnado xeralmente é moi novo; carece de experiencia laboral, agás algún traballo puntual nas vacacións ou nalgún negocio familiar.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

-Manexo das fontes de información sobre o sector das empresas de instalacións eléctricas e automáticas, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.

-Realización de casos e dinámicas de grupo que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector das instalacións eléctricas e automáticas.

-Utilización de programas de xestión administrativa e financeira para pequenas e medianas empresas do sector.

-A realización dun proxecto empresarial relacionado ou non coa actividade de instalacións eléctricas e automáticas composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.

O plan de empresa incluírá os seguintes aspectos: maduración da idea de negocio, localización, organización da produción e dos recursos, xustificación da súa responsabilidade social, plan de márketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos, e axudas e subvencións. O plan financeiro ha incluír o plan de tesouraría, a conta de resultados provisional e o balance provisional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.

É aconsellable que o proxecto empresarial se vaia realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe. O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos con conexión a internet e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					MP0242_00			
					RA1	RA2	RA3	RA4
1	Iniciativa emprendedora e ideas emprendedoras.	Consideracións xerais para crear unha empresa con ideas emprendedoras.	12	20	X			
2	A empresa e o seu entorno	Cultura empresarial e análise dunha PEME co seu entorno	12	20		X		
3	Elección da forma xurídica e proceso para creación e posta en marcha dunha empresa	Diferentes tipo de empresa. Elección da forma xurídica	18	30			X	
4	Función administrativa e financeira básica dunha pequena empresa.	Plan de empresa: Trámites administrativos. Plan de tesourería e análise da información contable	21	30				X
Total:			63					

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora e ideas emprendedoras.	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar o concepto de innovación 1.2 Analizar o concepto de cultura emprendedora 1.3 Valorar a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.	1	Innovación empresarial e cultura emprendedora	3,0
2.1 Analizar as características das actividades emprendedoras no sector das instalacións eléctricas e automáticas. 2.2 Valorar o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora	2	Características das actividades emprendedoras. Risco na actividade emprendedora.	4,0
3.1 Valorar ideas emprendedoras caracterizadas, pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade 3.2 Decidir a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio 3.3 Comezar o proxecto empresarial partindo desa idea de negocio	3	Ideas emprendedoras. Plan de empresa	5,0
TOTAL			12

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.	● PE.1 - Principais características da innovación.	S	15
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.	● PE.2 - Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de instalacións eléctricas e automáticas	S	15
CA1.3 Valórase a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na <u>actividade emprendedora</u> .	● TO.1 - A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia	S	10
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector das instalacións eléctricas e automáticas.	● PE.3 - A actuación das persoas emprendedoras no sector das instalacións eléctricas e automáticas.	S	15
CA1.5 Valórase o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.	● TO.2 - O risco como factor inherente á actividade emprendedora	S	10
CA1.6 Valóranse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.	● OU.1 - Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social	S	10

Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito das instalacións eléctricas e automáticas, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas. 	S	15
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.	<ul style="list-style-type: none"> OU.3 - Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito das instalacións eléctricas e automáticas. 	S	10
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de instalacións eléctricas e automáticas (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).</p> <p>A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.</p> <p>Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.</p> <p>A actuación das persoas emprendedoras no sector das instalacións eléctricas e automáticas.</p> <p>O risco como factor inherente á actividade emprendedora.</p> <p>Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.</p> <p>Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.</p> <p>Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito das instalacións eléctricas e automáticas.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Innovación empresarial e cultura emprendedora	<ul style="list-style-type: none"> Explicar o concepto de innovación e o concepto de cultura emprendedora. Transmitir ao alumnado a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación e a colaboración como requisitos para ter éxito na actividade emprendedora. Preparación de exercicios diversos sobre os aspectos explicados. Pode ser que se traia á clase un artigo sobre unha persoa emprendedora ou unha experiencia de emprendemento do ámbito social, un intraempreendedor ou un empresario. Ou pode ser que se lles pida a eles que localicen unha figura do deporte, da cultura, da investigación ou da empresa e que sinalen as capacidades e competencias e actitudes que teñen e polo que podemos considerar que son emprendedores. Tamén pode ser que se lles pida a eles que elixan unha persoa do seu entorno ou coñecida que reuna as características dun emprendedor. Por último, na páxina de ipyme.org poderán facer unha reflexión sobre as súas capacidades, habilidades e actitudes, como emprendedores. Propoñerlle ao alumnado que fagan unha listaxe das empresas nas que traballan os seus familiares e amigos, analizando unha serie de aspectos: cal é a actividade da empresa?, cantos traballan?, e dun empresario ou son varios socios?, que aporta ao pobo esta empresa?, é unha empresa antiga ou moderna?etc. 	<ul style="list-style-type: none"> Escoitar activamente e seguir as instrucións concretas dadas pola profesora. Realizar a actividade deseñada pola profesora. Participar activamente na clase facendo aportacións pertinentes. Visitar páx Web para realizar Autodiagnóstico de actitudes emprendedoras. Realizar os exercicios propostos sobre a valoración da cultura emprendedora como fonte de creación de emprego e benestar social. 	<ul style="list-style-type: none"> Participar activamente na clase. Actividade de análise sobre as cualidades da persoa emprendedora Listaxe das empresas da zona coas súas características e beneficios para a zona 	<ul style="list-style-type: none"> Materiais didácticos do profesor Antonio Guirao Manual Empresa e iniciativa emprendedora. Ed. Editex Equipos informáticos con acceso a internet Revistas especializadas, noticias de prensa e artigos de interese. Blogs sobre emprendimiento e páxinas como a de Emprendedores 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Principais características da innovación. PE.2 - Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de instalacións eléctricas e automáticas TO.1 - A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia 	3,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	<ul style="list-style-type: none"> Correxir os exercicios propostos sobre esta actividade. 					
Características das actividades emprendedoras. Risco na actividade emprendedora.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as características das actividades emprendedoras no sector das instalacións eléctricas. Correxir cos alumnos os exercicios prácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar un esquema das características das actividades emprendedoras no sector das instalacións eléctricas. Resolver exercicios prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema das características das actividades emprendedoras. Exercicios resoltos e corrixidos en clase. 	<ul style="list-style-type: none"> Material didáctico de Antonio Guirao Equipos informáticos con acceso a internet Blogs e portais específicos sobre emprendemento. Por exemplo: http://www.ipyme.org, http://www.emprendedores.es, http://123emprende.com, http://www.davidtomas.com (sobre cultura empresarial) Manual Empresa e iniciativa emprendedora. Ed. Editex Portais específicos de tipo profesional: INSTALECTRA. O directorio Ardán. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - A actuación das persoas emprendedoras no sector das instalacións eléctricas e automáticas. TO.2 - O risco como factor inherente á actividade emprendedora 	4,0
Ideas emprendedoras. Plan de empresa	<ul style="list-style-type: none"> Seleccionar ideas de negocio que foron fracasas e outras de éxito. Ideas de negocio nacidas nun momento específico e que non resistiron o paso do tempo e outras que permanecen inalteradas. Para debater entre todos a razón de por que unhas si e outras non foron adiante. Axudar a decidir o alumnado a partir das ideas emprendedoras propostas Explicar a estrutura dun proxecto empresarial Empezar a traballar sobre o plan de empresa Propoñer unha proba escrita sobre os criterios de avaliación da unidade didáctica. 	<ul style="list-style-type: none"> Participar activamente no debate. A continuación por grupos propoñer varias ideas emprendedoras, argumentando que necesidade social resolve, se ten algún aspecto innovador, que dificultades presenta a súa posta en marcha e por que cre que será un éxito. Seleccionar a súa idea emprendedora. Resolver as cuestións propostas na proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema plan de empresa Realización da proba escrita sobre esta unidade didáctica 	<ul style="list-style-type: none"> Os xa referidos na actividade anterior. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social OU.2 - Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas. OU.3 - Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito das instalacións eléctricas e automáticas. 	5,0
TOTAL						12,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A empresa e o seu entorno	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso productivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Valorará a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego. 1.2 Analizará o impacto ambiental . Necesidade de introducir criterios de sustentabilidade. 1.3 Identificar os principais compoñentes do contorno xeral que rodean a empresa. 1.4 Identificar os integrantes do contorno específico. 1.5 Determinar os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena empresa de instalación eléctrica.	1	A empresa e o seu entorno.	3,0
2.1 Analizará o fenómeno da responsabilidade social das empresas. 2.2 Identificar, en empresas de instalación eléctrica, prácticas que incorporen valores éticos e sociais. 2.3 Definir os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais. 2.4 Analizará os conceptos de cultura empresarial e comunicación e imaxe corporativa. 2.5 describir as actividades o proceso básico que se realiza unha empresa.	2	Cultura empresarial e responsabilidade social da empresa.	3,0
3.1 Elaborar un plan de empresa que inclúa á idea de negocio, a localización, a organización do proceso productivo, e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.	3	Estudo de mercado e plan de Marketing e produción	6,0
TOTAL			12

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións. 	S	3
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de instalacións eléctricas e automáticas: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural 	S	20
CA2.3 Identifícanse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de instalacións eléctricas e automáticas: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia. 	S	20

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de instalacións eléctricas e automáticas: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia 	S	5
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de instalacións eléctricas e automáticas en función da súa posible localización.	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Localización da empresa. 	S	2
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 	S	10
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coas instalacións eléctricas e automáticas e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable. 	S	5
CA2.8 Identificáronse, en empresas de instalacións eléctricas e automáticas, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 	S	10
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable. 	S	10
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas. 	S	5
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de instalacións eléctricas e automáticas, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa. 	S	5
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.	<ul style="list-style-type: none"> OU.3 - Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing. 	S	5
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.</p> <p>Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de instalacións eléctricas e automáticas: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.</p> <p>Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de instalacións eléctricas e automáticas: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.</p> <p>Localización da empresa.</p> <p>A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.</p> <p>Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.</p> <p>Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.</p> <p>Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.</p> <p>Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A empresa e o seu entorno.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar o concepto de empresa, funcións e clasificación. Poñer un vídeo de reforzo destas ideas e conceptos. Sensibilización sobre o impacto ambiental e a sustentabilidade das actividades económicas e a necesidade de actuar con responsabilidade social. Lectura dos Obxectivos de Sustentabilidade. Explicar que forma o contorno xeral dunha pequena empresa de instalacións eléctricas. Consultar a páxina da AED para saber cantas empresas de instalacións eléctricas están na Asociación de Empresarios do Deza. Tentar saber onde están localizadas. A partir deses datos intentar buscar unha explicación de cales son as razóns que levan a crear unha empresa destas características nunha localización e non noutra. Explicar os aspectos relativos ao contorno xeral que inflúen na localización dunha empresa ou negocio. Explicar que forma o contorno específico dunha pequena empresa de instalación eléctrica. Explicar en que consiste un análise DAFO. Pechar o tema da localización cunha explicación na que se resume todo o relativo ao contorno específico da empresa e os aspectos a ter en conta e que deberán explicar no seu proxecto. A continuación propón uns exercicios de reforzo, sobre a unidade. Correxir os exercicios en clase. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar un esquema sobre as funcións da empresa. Facer un organigrama. Apuntar as razóns que explican a localización destas pequenas empresas nunha zona máis que noutra. Pensar unha localización para esa idea emprendedora coa que comezaron o seu proxecto empresarial, atendendo a esas razóns. Retomar de novo a Ta 1.2 para analizar o contorno específico dunha pequena empresa de instalación eléctrica. Continuar co seu proxecto empresarial explicando ese contorno específico necesario para que a empresa sexa viable. Indicar cal sería para eles o lugar ou localización ideal para iniciar o seu proxecto empresarial, expoñendo as súas razóns. Incorporando unha análise DAFO. Realizar os exercicios propostos o final da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema das funcións da empresa e a clasificación. Organigrama da súa empresa. Exercicios resoltos e correxidos en clase. Análise DAFO 	<ul style="list-style-type: none"> Os mesmos que veño indicando na UD1 Ademais O Instituto Galego de Estatística ige.gal- O Informe Ardán Galicia 2022- 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Localización da empresa. PE.1 - Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de instalacións eléctricas e automáticas: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural PE.2 - Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de instalacións eléctricas e automáticas: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia. TO.1 - A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións. TO.2 - Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de instalacións eléctricas e automáticas: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia 	3,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Cultura empresarial e responsabilidade social da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os requisitos para o exercicio da actividade empresarial Concienciar o alumnado da importancia do desenvolvemento sostible. Concienciar o alumnado da importancia da cultura empresarial, da comunicación e a imaxe corporativa. Explicar as actividades básicas na empresa. Correxir os exercicios de repaso propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema dos requisitos para o exercicio da actividade empresarial Visitar páx. Web e recoller información en fichas sobre a importancia do desenvolvemento sostible dentro do mundo da empresa. Esquema Esquema das actividades básicas na empresa. Exercicios de repaso da unidade 	<ul style="list-style-type: none"> Esquema Exercicios corrixidos de repaso da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Os xa nomeados. http://www.davidtomas.com/ Blog sobre liderazgo, cultura empresarial, Recursos Humanos. Os Obxectivos de Economía Sostible da Axenda 2030. das empresas de economía social para afondar nos aspectos de Responsabilidade Social Corporativa 	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa. PE.3 PE.4 PE.5 - Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable. PE.6 - Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas. TO.3 - Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable. 	3,0
Estudo de mercado e plan de Marketing e produción	<ul style="list-style-type: none"> Dar unha guía o alumnado para a elaboración do plan de empresa, poñendo especial atención aos aspectos de Responsabilidade Social, xa que sobre a localización xa estiveron traballando e agora só teñen que plasmalo no Plan. Tamén se abordará o tema do Marketing. Co visionado do material de Antonio Guirao. Así mesmo, proporanse actividades relacionadas co Marketing enfocado ao produto, ao mercado. 	<ul style="list-style-type: none"> Seguindo as instrucións da profesora elaborarán un pequeno estudo de mercado para analizar a viabilidade da súa idea de negocio. Analizarán os resultados obtidos debendo sacar conclusións sobre a oferta e a demanda de servizos ou produtos existentes na zona e a súa viabilidade. O alumnado en grupos de tres elaborarán un plan de empresa. En esta actividade o alumnado vai traballar sobre o contorno xeral e específico da súa idea empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de empresa Estudo de mercado Análise de Oferta e Demanda 	<ul style="list-style-type: none"> Manuais Equipos informáticos Esquemas. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa. OU.3 - Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing. 	6,0
TOTAL						12,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Elección da forma xurídica e proceso para creación e posta en marcha dunha empresa	18

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar o concepto de persoa empresaria. Coñecer os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial 1.2 Analizar as formas xurídicas da empresa e determinar as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa idea de negocio. 1.3 Valorar a importancia das empresas de economía social no sector das instalacións eléctricas. 1.4 Especificar o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elegida. 1.5 Diferenciar o tratamento fiscal establecido para cada tipo de empresa.	1	A clasificación xurídica das empresas.	5,0
2.1 Identificar os trámites para a constitución dunha empresa 2.2 Identificar as fontes de información e asesoramento financeiras e legais para a creación e posta en marcha dunha empresa. 2.3 Identificar distintas axudas e subvencións para a posta en marcha do proxecto	2	Trámites para a constitución dunha empresa	5,0
3.1 Incluir no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións	3	Proxecto empresarial: elección da forma xurídica, trámites de constitución, axudas e subvencións aplicables.	8,0
TOTAL			18

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
